

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN  
LOCAL**

*Orde do 12 de xullo de 2004 pola que se resolve a cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para os concellos da Comunidade Autónoma galega que contén con servizos de policía local.*

Por Orde do 1 de abril de 2004 (DOG nº 78, do 23 de abril), a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local anunciou medidas de apoio á policía local de Galicia, consistentes na cesión de vehículos especialmente preparados para o exercicio das súas funcións.

Analizadas as solicitudes e a súa documentación por unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Administración local, elaborouse a correspondente proposta mediante acta motivada, e de conformidade co artigo 5 da citada orde,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Conceder con cargo á aplicación 13.04.624.0, programa 123.A, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2004, a cesión en propiedade dun vehículo equipado para uso da policía local aos seguintes concellos:

Marca e modelo: Nissan Almera 2.2 DIC Visia

Concello destinatario	Nº de bastidor
Arzúa	SJNBDAN16U0519129
Corcubión	SJNBDAN16U0518916
Mugardos	SJNBDAN16U0519162
Ordes	SJNBDAN16U0519148
Padrón	SJNBDAN16U0519188
O Carballiño	SJNBDAN16U0519482
Xinzo de Limia	SJNBDAN16U0519560
Caldas de Reis	SJNBDAN16U0519906
Ponteareas	SJNBDAN16U0519556
Silleda	SJNBDAN16U0519155

Marca e modelo: motocicleta Piaggio, Hexagon GT 250

Concello destinatario	Nº de bastidor
Betanzos	ZAPM2300000025187
Noia	ZAPM2300000025189
Burela	ZAPM2300000025272
Vilagarcía de Arousa	ZAPM2300000025332

Segundo.-Notificar o contido desta resolución aos concellos beneficiarios, especificando as condicións particulares que deberán cumprir, e que se formalizarán mediante acta subscrita polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en que delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario, segundo establece o artigo 96 bis do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que

se aproba o regulamento para a execución da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2004.

Jesús C. Palmou Lorenzo  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,  
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 2 de xullo de 2004, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo da empresa Aquagest, S.A., para o ano 2004.*

Visto o texto para a revisión salarial do convenio colectivo da empresa *Aquagest, S.A.*, que subscribiu a comisión paritaria do referido convenio o 26 de maio de 2004, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a inscrición da devandita revisión salarial no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2004.

José Vázquez Portomeñe  
Director xeral de Relacións Laborais

Acta comisión paritaria  
Convenio colectivo *Aquagest, S.A.*

Asistentes:

Representación da empresa:

Sergio Soriano Ruiz, José Luis Parada González.

Representación dos traballadores/as (comité inter-centros):

Francisco Ayaso Bretal (CIG), José Manuel Gómez Cruz (CIG), Ángel López García (UGT), Camilo Mora Rey (CIG), Rodrigo Pita Aneiros (CIG), Óscar Sán-

chez Yáñez (UGT), Eduardo Souto García (UGT), Alfredo Santomil García (asesor CIG).

En Santiago de Compostela, nos locais da empresa, ás 11.00 horas do día vinte e seis de maio de dous mil catro, reúnen-se as persoas arriba relacionadas, co fin de establecer os importes dos diferentes conceptos económicos do convenio para o ano 2004, de acordo co establecido no artigo 59.

En relación coa revisión económica, xúntanse á presente acta como anexo I os importes do salario base, e como anexo II, os importes dos diferentes conceptos económicos do convenio.

Grupo	Área	Nivel	Categorías	Salario base	Salario anual
1	Productiva	A	Peón especialista	715,34 €	12.733,05 €
		B	Peón	701,44 €	12.485,63 €
2	Administrativa	A	Oficial de 1ª, programador/a, xefe/a de cobradores, de lectores, de almacén	834,05 €	14.846,09 €
		B	Oficial de 2ª, encargado/a de cobradores, de lectores, de almacén	800,41 €	14.247,30 €
		C	Auxiliar administrativo, almaceiro, inspector/a de subministracións	762,58 €	13.573,92 €
		D	Lector/a-cobrador/a	733,51 €	13.056,48 €
	Técnica	A	Analista, delineante	834,05 €	14.846,09 €
		B	Auxiliar técnico	762,58 €	13.573,92 €
	Productiva	A	Oficial de 1ª	826,43 €	14.710,45 €
		B	Oficial de 2ª	779,51 €	13.875,28 €
		C	Oficial de 3ª	731,64 €	13.023,19 €
	3	Administrativa	A	Xefe/a de delegación, subxefe/a de sección, analista de sistemas	919,45 €
B				876,54 €	15.602,41 €
Técnica		A	Topógrafo de 1ª, delineante-proxectista	919,45 €	16.366,21 €
Productiva		A	Capataz, encargado/a de taller, grupo ou estación, montador, mecánico, electricista	841,63 €	14.981,01 €
		B	Subcapataz	835,41 €	14.870,30 €
4		A	Titulado/a de grao medio, xefe de sección ou negociado	1.005,12 €	17.891,14 €
5	A	Titulado/a de grao superior, xefe/a de servizo, xefe/a de grupo	1.134,10 €	20.186,98 €	

Artigo	Concepto	Euros
Artigo 31	Días ponte-garda	96,38 €
	Días ponte-quenda	68,84 €
Artigo 32	Festa local tradicional-garda	96,38 €
	Festa local tradicional-quenda	68,84 €
Artigo 33	Festa da patroa-garda	96,38 €
	Festa da patroa-quenda	68,84 €
Artigo 46	Complemento de traballos de quenda	
	Noites 24 e 31 de decembro	84,35 €
Artigo 47	Complemento de garda de presenza	111,28 €
	Complemento de garda de localización	81,96 €
Artigo 50	Complemento de transporte	10,67 €
Artigo 51	Importe de axudas de custo	
	a) Xantar ou cea	9,51 €
	b) Aloxamento e almuerzo	26,37 €
	c) Quilometraxe	0,25 €
Artigo 53	Complemento de traballos penosos	14,31 €
Artigo 57	Quebranto de moeda	198,71 €
Artigo 70	Cesta de Nadal	25,04 €

## CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 23 de xullo de 2004 pola que se convoca a décimo quinta edición do curso superior de relacións laborais.*

O Consello Galego de Relacións Laborais, creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, para responder

á necesidade de establecer canles institucionais de encontro e participación entre as organizacións representativas de traballadores e empresarios, ten, entre outras competencias atribuídas pola lei de creación e as súas normas de funcionamento interno, a de promover iniciativas que recollan estudos, debates e a difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral e a cultura do traballo.

Conscientes da demanda, pola sociedade galega, de ensinanzas do máis alto nivel no marco das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado cada vez máis concorrente, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos e, en virtude das facultades conferidas na disposición derradeira primeira da orde da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, do 15 de febreiro de 1995 (DOG do 2 de marzo), pola que se establece o prezo privado para satisfacer, en concepto de matrícula, polos alumnos que realicen o curso superior de relacións laborais, procédese a convocar a décimo quinta edición do curso superior de relacións laborais que se desenvolverá segundo as seguintes bases:

1ª Obxecto: o curso pretende ser un foro de exposición e debate sobre os profundos cambios producidos anualmente na lexislación laboral, que afectan, ademais do mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do traballo), a negociación colectiva, a representación dos